

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CAMBADOS
Edificio	Capela do Hospital de Cambados
Dirección	Rúa do Hospital, s/n. 36630
	42.512845 -8.814912
Protección	
Descrición	Trátase dun templo barroco que consta dunha soa nave con cuberta abovedada e planta de cruz latina. Resáltanse as partes estruturalmente máis importantes como: zócalo, esquinais, cornixa, fachada e enmarques das xanelas, por estaren traballadas en perpiaño, mentres que os restos dos lenzos son de cachotería. Ábrense dúas portas, unha pequena ó sur e outra ó leste que é a principal. O conxunto decorativo concéntrase todo na fachada principal, estando a porta no seu eixo vertical central, enmarcada por unha moldura xeométrica propia do século XVIII, e flanqueada por dúas pilastras, unha a cada lado da fachada, na que rematan nunha cornixa que vai de lado a lado. Debaixo desta cornixa e enriba do ingreso, ábrese unha gran xanela cuadrangular enmarcada. Por riba da cornixa, ó pé da base do campanario, unha fornela cunha Virxe Coroadada de filiación renacentista, que semella ser a Virxe da Purificación, segundo algún historiador local. Destaca a torre-campanario en comparación co tamaño da capela, organizándose en dous corpos; o inferior, cuadrangular, formada con arcos de medio punto sobre piares con pilastras apegadas que soportan as campás; o segundo corpo está formado por un tambor de planta octogonal con catro arcos de medio punto e coróase cunha lanterna con nervos remarcados, rematado por un pináculo moi moldurado e cunha cruz de forxa. Adicouse historicamente a Nosa Señora da Candelaria. Destaca no interior o seu retablo maior, datado de mediados do século XVIII, así como doutros elementos que nos fan pensar nunha posible construción no século XV, pero que sería refeita na súa totalidade no ano 1674 polo avogado do Tribunal do Santo Oficio, don Alonso Troncoso de Soutomaior e Gondar, polos señores Bazán e pola esmola popular. Debeu ser reformada posteriormente, ó menos unha parte, a mediados do século XVIII, tendo como referencia o enterramento de dona Josefa Ozores de Sotomayor, nai do conde de Amarante en 1742, financiando obras na capela.
Campás	2 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
Data	21-01-2017

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor.	BLANCO PAZ, FELIPE	1833	51	77
Torre-campanario	Maior.	ANÓNIMO (GALICIA)	1847	61	131

Información completa: [Capela do Hospital de Cambados - CAMBADOS \(GALICIA\)](#)

PDF (10-09-2026)